



STOP Á PRECARIZACIÓN LABORAL NA EDUCACIÓN INFANTIL!

CCOO CONVOCA MOBILIZACIÓNS CONTRA O BLOQUEO DAS NEGOCIACIÓNS DO XIII CONVENIO COLECTIVO DE CENTROS DE ASISTENCIA E EDUCACIÓN INFANTIL

CCOO, como sindicato maioritario no sector, asumimos a responsabilidade que nos corresponde na defensa dunhas condicións laborais que dignifiquen o encomiable labor que veñen desenvolvendo miles de educadoras, mestras e outros colectivos a cambio duns salarios impropios para as tarefas que realizan, a responsabilidade que asumen e a formación que se lles esixe.

A pretensión das organizacións patronais de continuar coa precarización das condicións laborais das traballadoras do sector e o seu escaso interese en negociar o novo convenio colectivo é, sinxelamente, indignante. As persoas que coordinan e avalían o proceso de aprendizaxe dos máis pequenos para contribuír ao seu desenvolvemento cognitivo, potenciando as súas habilidades e destrezas, merecen moitísimo máis.

Desde CCOO valoramos moito a unidade sindical á que chegamos as organizacións presentes na Mesa Negociadora. A folla de ruta para avanzar na mellora das condicións laborais pasa inexorablemente pola coordinación e o entendemento nas accións que se vaian desenvolver. Entre todos os sindicatos propiciamos e facilitamos que se dean as condicións necesarias para actuar conxuntamente, na procura dun xiro que represente un cambio radical na marcha das negociacións.

O anhelos de miles de traballadoras de plantarse ante una situación radicalmente inxusta é motivo abondo para que CCOO centre os seus esforzos en dar cohesión ao sector. Poñemos en marcha todos os recursos ao noso alcance para que a resposta á falta de respecto que mostran as organizacións patronais sexa masiva e contundente, desde o convencemento de que a mobilización é o único instrumento nestes momentos que pode representar un punto de inflexión na situación actual.

Por todo o anterior, CCOO fai un chamamento ao conxunto de traballadoras para que acudan ás concentracións deste xoves, 22 de xuño, e participen dos paros que terán lugar durante a semana do 26 ao 30 deste mesmo mes.

POR UN CONVENIO DIGNO, MOBILÍZATE!

A DIGNIDADE DEFÉNDESE!

